

MEMORIA DE ACTIVIDADES
do
PROXECTO de INNOVACIÓN EDUCATIVA

MODELO BURELA

Autoras:

María José Andión Fontela (Coordinadora do PIL)

Karina Parga Chao (Vicedirectora do IES Perdouro)

Edelmira María PargaValiña (Coordinadora do ENDL)

SINOPSE:

Esta boa práctica educativa estivo destinada ao fomento do uso da lingua galega desde a perspectiva da interculturalidade e o plurilingüismo. Dirixiuse a toda a comunidade educativa do IES Perdouro (alumnado de ESO, Bacharelato e Ciclos Formativos; profesorado; personal non-docente; e familias).

MODALIDADE:

Preséntase aos premios na modalidade E ("Mellara da aprendizaxe e do uso da lingua galega")

2.- Contextualización na organización do centro

Esta iniciativa didáctica supón a concreción do Plan de Normalización Lingüística elaborado polo Equipo de Dinamización Lingüística do IES Perdouro. A súa formulación teórica inclúe unha serie de actividades para conseguir consolidar os obxectivos que a normativa legal sinala e que foron incluídas no Proxecto Educativo de Centro, tras seren aprobadas con anterioridade no Claustro e no Consello Escolar.

Neste contexto, en novembro de 2006 comezou a ser implementado un Proxecto de Innovación coa finalidade de fomentar o uso do galego, axudar a mellorar a calidade dos rexistros lingüísticos e potenciar a valoración social do noso idioma. Realizado e avaliado positivamente aquel primeiro proxecto, o Equipo Directivo fomentou a súa continuidade nos cursos seguintes. Neste sentido, o proxecto para o curso 2012-2013 foi presentado ao claustro e aprobado unánimemente por este en sesión celebrada en setembro de 2012.

Os contidos desta boa práctica están recollidos na Programación Xeral Anual para o curso 2012-2013, concretamente nos apartados 6.4 (Actividades extraescolares e complementarias) e no 7 (Plan anual de actividades para a potenciación do uso da lingua galega).

3.- Actuacións desenvolvidas: concreción, relación cos documentos do centro/aula, temporización e espazos

Con esta intervención pretendíamos facer: a) reforzo da aprendizaxe escolar (complemento dos contidos teóricos como as conferencias, excursións e intercambios); mais tamén b) transformación lingüística ambiental, con socialización do modelo de integración aglutinante.

Para conseguir os obxectivos, realizamos as seguintes actuacións:

3.1.- Espectáculo poético de Ramón Blanco

O 26 de novembro de 2012 Ramón Blanco -poeta e ex-profesor do centro- visitou o IES Perdouro de Burela onde impartiu unha conferencia sobre Francisco Añón e coordinou unha "performance" poética.

Como poeta, veu presentar ao alumnado de 4º de ESO e 1º de Bacharelato o seu novo poemario *Emily on the road*. Agasallou o público cun recital dalgunha das súas composicións con acompañamento musical en directo e coa presentación dalgunhas das imaxes publicadas no libro. Foi unha posta en escea moi peculiar.

En calidade de ensaísta achegou ao alumnado de Bacharelato a vida e a obra de Francisco Añón tratadas nunha antoloxía comentada por el mesmo e publicada na colección Clásicos da editorial Galaxia con ocasión de se celebrar o bicentenario do nacemento do poeta precursor.

3.2.- Cerámica con Identidade

Baixo a coordinación da profesora Cristina Durán Arufe (do Departamento de Plástica), entre os días 5 e 29 de setembro estivo aberta no CENIMA de Foz a Exposición **Cerámica con Identidade-Obradoiro educativo en homenaxe a Isaac Díaz Pardo**. A mostra de traballos escolares realizados por alumnado de 3º e 4º de ESO no IES PERDOURO DE BURELA en colaboración co ceramista Estéfano Gudín e inspirada no referente ético, estético e emprendedor do fundador da fábrica de Sargadelos, a quen se lle tributaba modesta homenaxe poucas semanas máis tarde do seu falecemento, foi inaugurada por Maite López (Concelleira de Turismo de Foz) e Santiago Pérez Docobo (Director do IES Perdouro).

3.3.- Obradoiro de creación de espectáculos

O 12 de novembro tivemos connosco a Ton Arenas que nos iniciou no mundo dos títeres. Comezaba así un proxecto interdisciplinar co obxectivo de que o alumnado de 3º ESO crease os seus propios espectáculos de monicreques. Esta actividade en que participaron os departamentos de Lingua, Plástica, Tecnoloxía e Música desenvolveuse durante todo o curso 2012-2013.

3.4.- Centenario de Celso Emilio Ferreiro

Atendendo á chamada da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística, o IES Perdouro participou na homenaxe global a Celso Emilio Ferreiro no 100º aniversario do seu nacemento.

Alumnado e profesorado reunímonos no patio do centro ás 12:00h para ler a coro as letras do poema de Celso Emilio. Máis de 240 voces lembramos os versos de "Deitado fronte ao mar". Entre as diversas persoas participantes houbo un convidado de excepción: o mariñeiro e poeta Jesús Mosquera, que habitualmente faena nas augas próximas a Nova Zelandia. Este veciño de Burela recitou o poema de Celso Emilio dedicado aos buscadores de illas.

Como complemento a esta actividade xeral, organizouse na biblioteca do centro unha viaxe literaria pola poesía do autor de Celanova. Na mesma tamén interviron o alumnado de 3º ESO, a vicedirectora do centro, o auxiliar administrativo, José Chao; e o profesor de Economía, Antonio Mato. Os

poemas recitados polo alumnado estaban moi directamente relacionados coa interculturalidade, unha característica moi presente na poboación de Burela.

Nesta ocasión, o IES Perdouro estivo presente nas redes sociais e inundou de chíos o Twitter a través da actividade "Recituiteando Celso Emilio" co *hashtag* oficial #RecitandoCelsoEmilio.

Segundo a Coordinadora Galega dos ENDL, máis de 200 centros escolares e uns 30.000 alumnos secundaron a convocatoria.

3.5.- O Teatro na Mariña

En colaboración coa Asociación Cultural Os Matos, o día 17 de decembro realizamos unha actividade de divulgación das artes escénicas dirixida ao alumnado dos dous cursos de Bacharelato. O relator foi Francisco Piñeiro, ensaísta, dramaturgo e director de grupos teatrais en Cervo e Foz.

Con esta actividade, as entidades organizadoras pretendíamos mostrar a evolución da arte teatral desde a Escala Rexional de Declamación (1903) á profesionalización do sector (con Manuel Lourenzo e o grupo de Ribadavia). Autor da recentemente publicada *Historia do teatro afeccionado na Mariña Lucense*, o relator realizou unha exposición apoiada en numerosas imaxes e música coa que transmitiu tamén unha panorámica das representacións dramáticas no ámbito territorial da Mariña.

O acto foi conducido polo profesor Antón Niño, presidente da Asociación Cultural "Os Matos", quen se ocupou da presentación do convidado así como da moderación do posterior coloquio.

3.6.- Séchu Sende: Escritor Modelo Burela por un día

Séchu Sende, o autor de *Made in Galiza*, foi protagonista dun encontro cultural "Modelo Burela". O evento celebrouse entre as 11:00 e as 14:00 horas do día 25 de xaneiro na biblioteca do Instituto Perdouro e nel participou alumnado de ESO e Bacharelato. Sende comezou facendo un repaso breve á súa traxectoria literaria e nada máis comezar soubo cautivar o alumnado coas súas propias vivencias coa lingua galega. Ao rematar o encontro, numerosos mozos e mozas pedíronlle a dedicatoria de exemplares das súas obras.

Aproveitando a viaxe á Mariña, o día 26 (sábado) ás 8 da tarde o escritor presentou en Viveiro a súa última publicación: un libro de viaxe ao Curdistán. O acto celebrouse no Conservatorio de Música de Viveiro e nel o escritor contou coa presentación do músico Plácido Travieso e do profesorado de Música e Lingua Galega do IES Perdouro.

3.7.- Exposición "5 anos de Banda Deseñada na Mariña"

A área de innovación educativa do IES Perdouro colaborou na montaxe da exposición "5 anos de Banda Deseñada na Mariña" que estivo aberta na Casa da Cultura de Burela entre os días 18 de febreiro e 21 de marzo. A inauguración celebrouse ás 19:00 horas do día 18 e contou coa presenza do alcalde e do director do IES Perdouro.

A exposición, que recolle os traballos premiados nestes últimos catro anos do Concurso de BD e as múltiples actividades levadas a cabo nos Encontros de BD na Mariña, foi o resultado da colaboración entre diversos departamentos do centro de ensino e outras entidades como o Concello de Burela e a Deputación Provincial.

3.8.- Día da Lingua Materna

Coa colaboración do Departamento de Tecnoloxía, o día 21 de febreiro celebramos o **Día da Lingua Materna** cunha videoconferencia do sociolingüista hindú Anik Nandi, que nos atendeu desde a Facultade de Filoloxía da Universidade de Edimburgo. Finalizado o acto, Nandi fíxonos chegar un texto de parabéns para ser difundido a través das redes sociais do Instituto Perdouro. Este é o seu contido

"Hoxe é o día de lingua materna e tamén o día da lingua bengalí. Con 230 millóns de falantes, somos o sexto idioma máis falado do mundo.

Era o 21 de febreiro de 1952 cando morreron alumnos da Universidade de Dhaka en Dhaka (Bangladesh) defendendo a lingua bengalí contra a imposición do urdu (Pakistan). Esa loita po/a defensa de lingua materna considérase como primeira guerra de nacionalismo lingüístico e por iso a UNESCO decidiu esa data como día de lingua materna en 1999.

Orgulloso de ser bengalí e po/a miña lingua materna.

Sáudos a todos os meus amigos desde Edimburgo. Feliz día da lingua materna.

Viva o galego e viva o bengalí."

Anik Nandi

3.9.- Obradoiros de Plurilingüismo (Febreiro; Maio-xuño)

Durante os días 21 e 22 de febreiro, o alumnado de 4º de ESO e 1º de Bacharelato foi partícipe duns obradoiros de comunicación en linguas inglesa e

galega a cargo da sociolingüista **Bernie O'Rourke**. Toni Galdo, profesor de lingua inglesa, moderou un candente debate sobre as similitudes entre o gaélico e o galego. O alumnado puido coñecer de primeira man a realidade sociolingüística de Irlanda así como debater sobre as políticas lingüísticas de Galicia e Irlanda. A profesora O' Rourke compartiu co noso alumnado puntos de vista sobre a convivencia lingüística en Galicia.

Os obradoiros tiveron continuidade entre os días 18 e 30 de maio. **Nicola Bermingham**, profesora do Departamento de Linguas e Estudos Interculturais da Heriot-Watt University de Edimburgo (Escocia), estivo en Burela para coñecer de xeito directo o Modelo de Planificación Lingüística aplicado na localidade. A investigadora irlandesa prepara a súa tese de doutoramento baixo a dirección da profesora Bernadette O'Rourke, que xa estivera en Burela para tomar contacto coa realidade a investigar.

3.10.- Novas de Novos

O 28 de febreiro estreamos colaboración co suplemento *Novas de Novas* do xornal La Voz de Galicia. Dúas alumnas gañadoras do concurso de Banda Deseñada do IES Perdouro en anteriores edicións publicaron artigos de opinión explicando a súa experiencia e facendo motivación para a participación doutros compañeiros no certame de creación.

3.11.- Obradoiro de Música

A aula de música do IES Perdouro de Burela recibiu o día 20 de marzo a visita de **Eva Cajide Pedreira** (artisticamente Evinha). Esta moza luguesa de 21 anos era unha das tres representantes da provincia de Lugo que disputaban as últimas fases dos Recantos da TVG, un concurso orientado á descuberta de novas valores musicais.

Con este encontro musical, a área de Música do Instituto Perdouro pretendía ofrecer unha actividade práctica ao alumnado en cuestións como a composición e interpretación musicais. A xornada didáctica comezou ás 9:20 horas e desenvolveuse durante a mañá con alumnado de 3º e 4º de ESO. Entre as 12:20 e as 14:00 horas, a cantora gravou unha breve colaboración coa iniciativa pedagóxica "Modelo Burela" para a súa posterior divulgación no canal Youtube. Xa en horario de tarde, participou no programa radiofónico Proxecto Neo, onde coincidiu cos alumnos e alumnas que xa participaban no seu club de fans, moi especialmente cunha das súas impulsoras, Xeila Villarino Coto (alumna de 3º de ESO no IES Monte Castelo).

3.12.- Concerto Nos Bandeira e Evinha (15 de abril)

O día 15 de abril comezamos as actividades de celebración da temporada das Letras Galegas. Ás 17:10 horas, o patio do centro educativo transformouse en recinto festivo para acoller un acto que sintetizou palabra e música. O espectáculo comezou coa interpretación dunha peza musical por parte de alumnos e alumnas de 4º de ESO. Seguidamente, as integrantes do grupo caboverdiano "**Nos Bandeira**" -rama xuvenil de BatukoTabanka- interpretaron dúas pezas: unha de danza e outra do tradicional batuko do seu país. O prato forte da xornada chegou despois coa actuación da artista convidada: a luguesa Evinha, que unhas semanas antes estivera impartindo no centro un obradoiro de Música. Esta moza estivo acompañada polo alumnado de 3º de ESO na interpretación de tres cancións. O acto musical serviu de actividade práctica para os alumnos do ciclo medio de Electrónica, que se ocuparon da instalación e a atención do equipo de son.

3.13.- Matías Escalera: escritor Modelo Burela

O mes de maio comezou con intensa actividade na axenda do Modelo Burela. O escritor madrileño Matías Escalera participou en diversos eventos de divulgación da lectura.

As actividades comezaron o día 2 de maio coa participación de Matías Escalera nunha sesión extraordinaria do clube de lectura que se reúne na Biblioteca Municipal. O escritor comentou diversos aspectos da súa obra cun público que durante aqueles días estivo lendo unha de recente publicación, o volume de relatos titulado *Historias de este mundo* (Ed. Baile del Sol. Tenerife. 2011).

O mesmo escritor mantivo encontros co alumnado de bacharelato dos institutos da localidade. Foi ás 9:20 horas no IES Monte Castelo e no IES Perdouro ás 12:20.

O mesmo venres, ás 20:00 horas, o acto de animación á lectura celebrouse na Librería Nobel (Espazo Lector), onde -ademais do autor- contou coa presenza de representantes do Proxecto de Innovación Lingüística e do Clube de Lectura así como da profesora Julia María Labrador Ben (da Universidade Complutense).

3.14.- No Camiño da Lingua (Concerto Modelo Burela)

Ás 9 da noite do día 4 de maio, a Igrexa da Vila do Medio de Burela converteuse nun auténtico paraíso para melómanos. O Grupo Vocal Son de Nós ofreceu, coas pinturas medievais como privilexiado tapiz de ambientación, un concerto que leva por título "Os camiños da Lingua" e co subtítulo "Concerto

Modelo Burela". Unha vez máis, coa interculturalidade como fío condutor, o Modelo Burela fomentou a comunicación entre escola e sociedade, e neste caso fíxoo a través do labor de músicos profesionais. *Son de Nós*, un septeto vocal dirixido polo Maestro viveirés Plácido Travieso Fernández (Viveiro, 1972), presentouse en Burela despois dos éxitos recollidos en diversas actuacións, entre elas tres na Mariña: na Igrexa do Vicedo, no Conservatorio de Música de Viveiro -con motivo da presentación dun novo libro do escritor Séchu Sende- e na Semana Santa da parroquia de San Martiño de Mondoñedo.

3.15.- A comunicación corporativa en Burela

Baixo a coordinación do profesor Luís Ramilo Machado (da área de Estética no Departamento de Imaxe Persoal), durante todo o curso recollemos, inventariamos e estudamos a comunicación corporativa presente nas rúas da localidade, moi especialmente relacionada coas actividades comerciais e empresariais.

A actividade serviu para a posta en práctica da estratexia aglutinante, que implica que se incida sempre no positivo, que se fomente a construción do modelo alternativo máis que na destrución do modelo vigente. Noutras palabras: nas actividades Modelo Burela téndese a premiar e recoñecer méritos como estímulo para a incorporación de persoas que asuman as novas normas de uso; non se realizan críticas a outros traballos.

O Instituto Perdouro recolleu en imaxes numerosas mostras de expresión escrita da maior parte das case seiscentas entidades. Fixéronse fotografías das rotulacións dos nomes comerciais, dos escaparates e das rotulacións interiores; recolléronse folletos publicitarios, cartóns de visita, facturas, bolsas da compra, anuncios de xornais e radiofónicos. Mais na exposición pública só figuraron as 27 empresas ou comercios que utilizan dignamente o idioma galego. Poderíamos facer outra exposición moi divertida que recollese unha verdadeira antoloxía de disparates tanto nos nomes comerciais como nas comunicacións escritas, mais ese tipo de exposición sería disgregadora; tería adeptos e detractores; dividiría a comunidade. Por iso ficou como material para traballo interno; como identificación de obstáculos a superar.

3.16 PROXECTO NEO: a radio como plataforma de fomento da integración intercultural e da incorporación de neofalantes

PROXECTO NEO é unha iniciativa de radio educativa feita por profesorado e alumnado dos dous institutos de Burela. Trátase dunha actividade de reforzo da aprendizaxe como o son as conferencias, as excursións ou os intercambios. O programa de radio está incluído dentro do amplo repertorio de actividades Modelo Burela, polo tanto fai parte da intervención educativa comezada en 2004 e que se mantén en activo

durante estes dez anos. Ven complementar a intervención pedagóxica inicial e os seus aproveitamentos posteriores: exposicións, os encontros Lingua Viva (reúnen as persoas que protagonizan a normalización do idioma), intervencións Palabra e memoria (dedicadas á difusión da lingua galega nos textos relacionados co ritual funerario), Saúde e sensibilidade (atención ao sector sanitario), as cerimonia Modelos Burela e outras actuacións sectoriais como a dirixida ao comercio e a empresa.

Cada programa é o resultado da implicación activa de nove persoas. Da coordinación xeral ocúpase a responsábel da área de innovación educativa do Instituto Perdouro. Da produción ocúpase as coordinadoras dos Equipos de Normalización -seleccionan o alumnado que colabora nas entrevistas e o que, eventualmente, asiste ás gravacións, aínda que non fale para os micros-; fan os primeiros contactos con persoas a entrevistar; marcan as datas para as entrevistas; redixen os textos documentais; e consensúan a selección musical.

Durante a gravación do programa, o protagonismo é compartido palas persoas convidadas, polo alumnado que se ocupa do labor auxiliar na locución, polos locutores habituais e polas persoas encargadas da atención ás redes sociais e da reportaxe fotográfica. Un estudante procura estimular a participación da audiencia nas redes sociais, concretamente na sala-de-conversa do Facebook. O seu protocolo consiste en saudar a xente conectada, en animar a participar e dar lectura en antena aos seus comentarios. Dos labores técnicos ocupábase o persoal de Radio Burela, que agora supervisa o proceso do que se ocupan os estudantes.

A nosa intención é emitir sempre en directo, de xeito que se facilite a participación do público para conseguir comunicación bidireccional. Por prudencia, o primeiro programa foi gravado; o resto -salvo por imposibilidade dos convidados- facémolos ao vivo. Emitimos unha hora semanal, os mércores entre as 5 e as 6 da tarde; e complementamos a tertulia do estudio coa interactividade en dúas redes sociais (Facebook e Twitter) e no blogue do Instituto Perdouro. En todos estes canais de comunicación anunciamos os luns nome e perfil biográfico da persoa ou persoas entrevistadas (sempre neofalantes) e dos temas a tratar (relacionados co perfil biográfico daquelas).

Proxecto Neo nace en Burela porque este é o lugar en que se está aplicando esta pedagogía transformadora, porque é unha maneira práctica e efectiva de socializar e concretizar o modelo de planificación lingüística. Con esta iniciativa queremos facer un recoñecemento público -transmitir-lles o noso cariño e admiración- ás persoas que día a día favorecen a integración social; ao mesmo tempo, os contidos dos programas serven de modelo para aquelas outras persoas que aínda non conseguiron ese obxectivo.

Polo momento, durante as 64 semanas que levamos emitindo abríronsenos de par en par todas as portas. A audiencia implícase: enviánnos referencias de

neofalantes dos máis diversos lugares, mándannos vídeos, pasan o enlace dos programas a xente nova e convidan coñecidos a participar nas nosas redes sociais.

Durante o curso 2012-2013 realizáronse integramente 34 programas da serie Proxecto Neo e producíronse varios do programa "O Recuncho de Ler" (programa de animación á lectura), sempre que pasaron polo instituto persoas relacionadas co mundo do libro (autores/as; ilustración; edición).

4.- Recursos materiais utilizados

O grupo de persoas involucradas nesta iniciativa didáctica dispuxo de todos os recursos humanos e técnicos que o centro educativo puido poñer ao seu alcance.

Polo que respecta aos recursos humanos, traballouse con todo o alumnado (de xeito xeral, co de ESO e bacharelato; excepcionalmente, co de ciclos formativos); no caso do profesorado, solicitouse a colaboración exclusivamente daquelas persoas que manifestaron disposición a integrarse no grupo de traballo do proxecto. Do mesmo xeito, tívose especial coidado en que a aplicación do proxecto non supuxese unha carga de traballo a maiores para o persoal de administración e servizos (secretaría; conserxería), que tamén se implicou no desenvolvemento das actividades.

Con respecto aos recursos materiais do centro, utilizáronse numerosos equipos informáticos así como os escáneres e as fotocopiadoras. Contouse tamén con outras infraestruturas do centro, moi especialmente a biblioteca e o recibidor do edificio principal, ande se realizaron diversas exposicións divulgativas.

Resultou moi interesante a dispoñibilidade do equipo de son do centro (altosfalantes, micros e mesa de mestura), reparado e posto a punto para as ocasións polo alumnado do Ciclo Formativo de Electrónica, baixo a supervisión do profesor José María Rodríguez.

En todas as actividades fíxose uso das cámaras de vídeo e fotográfica, atendidas por diversos integrantes do equipo docente, en función da dispoñibilidade horaria.

Para a realización dos programas de radio utilizáronse tanto os equipos informáticos do IES Perdouro como os recursos de transmisión de Radio Burela. Sempre que foi posíbel, tanto uns como outros estiveron atendidos polo alumnado baixo a supervisión do profesorado (no estudio) e polo persoal da emisora (na sala de control).

5.- Instrumentos de avaliación e mellora

O Plan xeral de avaliación deste proxecto de innovación abarcou catro indicadores específicos destinados a avaliar: a) o desenvolvemento do proceso; b) a validez pedagóxica dos materiais xerados; e e) a influencia no cambio sociolingüístico da comunidade educativa e do seu ambiente inmediato. Avaliación do proceso serviu para medir o nivel de consecución dos obxectivos xerais, inmediatos e finais. Valorouse: a) a participación do profesorado, especialmente dos membros do grupo; a participación do alumnado; e e) a coordinación do proxecto.

Avaliación pedagóxica foi realizada polo Seminario de Lingua e Literatura e a Vicedirección do centro. Os seus obxectivos foron valorar: a) o grao de validez e utilidade dos recursos elaborados; a utilidade pedagóxica dos Arquivos Documental e de programación radiofónica.

Avaliación sociolingüística está destinada a medir a influencia do proxecto de innovación no uso lingüístico ambiental, tanto en Burela como no seu ámbito de influencia. Neste sentido, as probas de avaliación valoraron: a) o número de consultas do Arquivo Documental; b) o número de visitas aos Arquivo Dixital e de Radio; e) a participación nas diferentes plataformas das redes sociais; e d) a influencia nos novas usos lingüísticos entre os sectores implicados.

6.- **Conclusiones**

6.1.- Con independencia de que sexa aplicado nas aulas de Lingua e Literatura, no ámbito da concellaría de Educación e Cultura, entre os fregueses da parroquia ou entre os integrantes dunha entidade sectorial (comercio, sanidade, xuventude...), o Modelo Burela céntrase nunha **metodoloxía activa**, unha **estratexia aglutinante e un proceso estábel**. Isto significa que parte do **práctico** para chegar á reflexión teórica, que procura o **concreto** antes que o abstracto e que ofrece oportunidade de **participación** a toda a comunidade, aínda que non force ou obrigue a ninguén.

6.2.- A iniciativa de boas prácticas Modelo Burela non aborda unicamente os usos da lingua galega; planifica as medidas que favorezan o plurilingüismo, como garantía de preservación das linguas propias e de facilidade da libre circulación de persoas na sociedade moderna.

6.3.- Esta iniciativa didáctica resulta especialmente indicada para ser posta en práctica por entidades de carácter local ou por outros centros de ensino non universitario.

7.- Bibliografía xerada

<http://www.cronica3.com/2012/12/a-presentacion-de-emily-on-the-road-na-marina/>

<http://perdourando.blogspot.com.es/2013/02/sechu-sende-de-escritor-mago.html>

<http://perdourando.blogspot.com.es/2013/02/alumnas-escribindo-para-novas-de-novos.html>

<http://www.cronica3.com/2013/05/a-integracion-social-na-marina-tema-central-dunha-tese-de-doutoramento-feita-por-unha-profesora-irlandesa/>

